



Resolución de concesión dos I Premios de Innovación en Saúde 2019 no Sistema Público de Saúde de Galicia (procedemento SA304A)

Segundo o establecido no artigo 16 das bases reguladoras da convocatoria da I edición dos Premios de innovación en saúde 2019 no Sistema Público de Saúde de Galicia, publicadas pola Resolución do 12 de setembro de 2019 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG num. 182 do 25 de setembro de 2019), unha vez revisadas as candidaturas, un comité de selección constituído polo titular da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria e un representante de cada un dos sete nodos de innovación que forman parte da Plataforma de Innovación Sanitaria, seleccionará as candidaturas finalistas para cada modalidade de premio para a súa valoración polo Xurado. En data 28 de febreiro de 2020, reuniuse o comité de selección efectuando dita selección.

O 8 de xuño de 2020, reuniuse o Xurado composto conforme ao disposto no artigo 15 das bases reguladoras. Tras valorar a información recibida dos candidatos de acordo cos criterios establecidos no artigo 14 da citada convocatoria, propoñen a concesión dos premios a unha candidatura por cada modalidade de participación.

Segundo o artigo 17 da convocatoria, e á vista da proposta do xurado, DECLARO gañadores dos I Premios de Innovación en Saúde as seguintes candidaturas:

MODALIDADE	NOME DA IDEA	AUTOR / AUTORES
IDEA DE PROFESIONAL	Desenvolvemento do uso de smartphone para retinografías en área sanitaria de Ferrol	Nuria Olivier Pascual María Dolores Álvarez Díaz Rosa Arroyo Castillo
IDEA DE PACIENTE	Escola de familias en coidados paliativos pediátricos	Andrés Núñez González

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2020

O Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Jesús Vázquez Almuíña

